



BOMBEIROS



MEMORIA 2024



INDICE

1.1 Saúda da Concelleira	Páxina 03
2.1 Organigrama	Páxina 05
3.1 Tempos de resposta en intervencións urxentes	Páxina 06
3.2 Tempos en sinistros	Páxina 07
4.1 Visitas escolares ao S.E.I.S.	Páxina 08
5.1 Actividades preventivas	Páxina 09
5.2 Reténs Preventivos	Páxina 10
5.3 Informes Técnicos	Páxina 11
5.4 Simulacros	Páxina 12
5.5 Comparativa cos anos anteriores	Páxina 13
5.6 Revisión de hidrantes	Páxina 14
6.1 Intervencións realizadas	Páxina 17
7.1 Comparativa 2011 - 2023	Páxina 18
8.1 Distribución horaria das intervencións	Páxina 20
9.1 Distribución semanal e mensual das intervencións	Páxina 21
10.1 Intervencións realizadas outros concellos	Páxina 22
11.1 Medios materiais	Páxina 22
12.1 Presupostos	Páxina 24
13.1 Plantilla de persoal	Páxina 26
14.1 Víctimas rescatadas en emerxencias	Páxina 27
15.1 O Servizo nas redes	Páxina 28

SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO

MEMORIA 2024

O servizo de bombeiros segue, un ano máis, coa súa tarefa de Servizo Público en garantir a seguridade dos cidadáns alí onde son requiridos, xa que as súas actuacións non se circunscriben só ao ámbito municipal da Coruña, senón que tamén son requiridos por municipios limítrofes a colaborar cos seus servizos de seguridade e emerxencia, co apoio deste goberno municipal. Así se poden destacar as 4 veces que se actuou fora do ámbito do concello

As tarefas que o servizo de bombeiros realiza son moi diversas e cada vez máis especializadas, sendo punteiro o noso servizo, non só en Galicia senón en España con unidades como a Prevención, onde temos a primeira ordenanza contra incendios de Galicia, ou mantendo a rede de hidrantes da cidade operativa, nun traballo permanente de mellora continua; traballos estes que non se ven, pero que sen eles, cando cheguen as intervencións, veríanse mermadas e difíciles de controlar.

Quero felicitar especialmente o labor que desempeñaron todos e cada un dos membros do colectivo, xa que redobraron os seus esforzos nas súas tarefas habituais, seguindo uns protocolos moi estritos tanto no traballo de parque, como nas intervencións.

Neste ano 2024, , o servizo de bombeiros realizou un ano mais, (nese ámbito tan importante como é o da prevención), a Semana da Prevención, con 10 actuacións e 225 horas dedicadas

Como sempre o grupo de rescate acuático prepárase durante todo o ano, para chegar no menor tempo posible en calquera lugar do noso litoral para axudar a quen o necesite. Tamén co seu labor de prevención nas alertas por temporal, vixiando as nosas costas. Destacan as súas 92 intervencións

Nesta memoria do ano 2024 alcanzáronse as 1.914 intervencións fronte a las 1.901 do ano 2023.

Non só é importante o número de intervencións, que dá un reflexo do esforzo dos nosos bombeiros, senón que ademais téntase facer un traballo con calidade, chegando pronto aos sinistros cunha media do 84,87 en chegar ao sinistro en

menos de 12 minutos, desde que se recibe a chamada ata estar non lugar do sinistro, e en menos de 5 minutos nun 25,94 % , mellorando os niveis doutros anos . Iso amosa o compromiso por un traballo pola calidade e a mellora continua coa que está comprometido o concello e o servizo de Bombeiros.

Tamén é importante o que se tarda en solucionar o problema ao cidadán, e así, en menos de 30 minutos, solucionáronse 430 intervencións, a gran maioría delas Urxentes, continuando na media dos últimos anos.

Pero se todo o devandito é importante e destaca o seu labor, non menos importante é o labor que realizan en prevención, superando as cifras dos últimos anos e dedicando un total de 6.409 horas. En reténs de seguridade no ano 2024 realizáronse 135 reténs, por 133 no ano 2023 , Tamén nos informes técnicos, que foron 203 dedicando 1.015 horas a prevención fronte os 130 no ano 2023, e 750 horas. O que demostra o incremento do traballo preventivo

O Concello segue apostando por este servizo e así un ano máis superará o millón de euros en investimentos e 400.000 en mantementos e gastos propios do servizo, tendo como obxectivo seguir sendo un dos mellores parques de Galicia, e no que atinxe ás cidades da nosa categoría, en toda España.

Con estes datos, pódese dicir que o ano 2024 foi un ano que seguiu a ser especial para o Servizo de Bombeiros, que se adapta perfectamente ás circunstancias e a sociedade que nos toca vivir.

Quero terminar agradecendo o demostrado compromiso e vocación de todos os compoñentes do seu persoal. Con isto sei que podo trasladar en nome da cidade da Coruña o noso maior agradecemento ó Servizo de Bombeiros e o noso total apoio polo labor que realiza.

Montserrat Paz Romero

Concelleira de actuación cidadá e Seguridade Cidadá

ORGANIGRAMA

Alcaldesa

Concelleira de Seguridade Cidadá

Director Área de Seguridade

1 oficial

1 suboficial

6 Sarxentos

10 Cabos

77 Bombeiros

**Unidade de
Intervención**

**Unidade de
Prevención**

**Unidade de
Formación**

**Unidade de
Mantenemento**



**Unidade de
Administración**

TEMPOS DE RESPOSTA EN INTERVENCIONS URXENTES

Houbo 694 intervencións urxentes cos seguintes tempos de resposta:

Minutos en chegar	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
Nº Intervencions	10	22	35	50	63	98	86	67	49	34	37	38	23	19
%	1,44	3,17	5,04	7,20	9,08	14,12	12,39	9,65	7,06	4,90	5,33	5,48	3,31	2,74


Minutos en chegar	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	27	28	30
Nº Intervencions	11	10	8	9	3	9	2	3	2	2	2	1	1	0
%	1,59	1,44	1,15	1,30	0,43	1,30	0,29	0,43	0,29	0,29	0,29	0,14	0,14	0,00



TEMPOS EN SINISTRO

MINUTOS	Nº de siniestros
0-15 min.	128
15-30 min.	430
30-45 min.	463
45-60 min.	200
60-90 min.	195
90-120 min.	70
120-180 min.	160
180-240 min.	80
Mais de 240 min.	188
	1914

Tempos en siniestros



O 53% dos siniestros solucionáronse en menos de 45 minutos

Para efectuar o presente cálculo non se tiveron en conta
“Falsas alarmas” ni “Saídas sen intervención”

VISITAS ESCOLARES AO S.E.I.S

O noso obxectivo é informar a todas as escolas dos medios humanos e recursos materiais dispoñibles polo parque de Bombeiros da Coruña, mediante visitas programadas polo alumnado ao parque ou conferencias nos propios centros educativos.

É tamén importante que o alumnado coñeza como responder a unha situación de perigo polo lume. Rapaces e rapazas pásano en grande cos bombeiros e sorpréndelles a exposición dos nosos coches onde poden subirse neles, ver o material e loxicamente sacar fotos.

No ano 2024, recibíronse 72 visitas de colexios visitando o parque de bombeiros 1.604 nenos/as e 110 profesores/as


Invertéronse en ditas visitas 288 horas

ACTIVIDADES PREVENTIVAS 2024


ACTIVIDADES	Nº actividades
Docencia	59
Reténs	135
Visitas escolares	63
Simulacros	72
Informes técnicos	203
Plans e proxectos	6
Total	538

ACTIVIDADES	Nº Horas
Docencia	660
Reténs	2.921
Visitas escolares	225
Simulacros	288
Informes técnicos	1.015
Plans e proxectos	1.300
Total	6.409

Nº actividades




Nº Horas




SERVIZOS DE RETÉNS PREVENTIVOS.

Evento	Unidades	Horas
Espectáculos deportivos	34	1.716
Espectáculos no exterior	28	
Espectáculos no interior	16	
Visitas técnicas	15	90
GRA	7	70
Semana da Prevencion	10	225
otras actividades preventivas	25	820
TOTAL	135	2.921

Reténs preventivos (por unidades)



Tempo empregado




REALIZACION DE INFORMES TÉCNICOS.

Estes informes, de carácter multidisciplinar, están relacionados maioritariamente coa materia de prevención e de seguridade contra incendios. Devanditos informes son solicitados dende a cidadanía (particulares e comunidades) ámbito privado (centros comerciais, residencias, industria, etc.), e desde as diferentes concellerías locais (educación, cultura, servizos sociais, etc.) ou outras administracións (Xunta, Delegación de Goberno, diferentes Forzas de Seguridade do Estado, etc.). O contido dos devanditos informes é variable (normativa, accesibilidade, instalacións contra incendios, actuacións de intervención do servizo, etc.).

Tamén se realizan informes técnicos de intervención e investigación en emerxencias do servizo de interese (ben por magnitude ou por consecuencias graves).

Así mesmo se resollen multitude de consultas ou dúbidas técnicas de particulares sen informes (non se fai a solicitude de rexistro). Para a clasificación dos devanditos informes se distribuíron da seguinte maneira:

203 Informes técnicos dedicándolle 1015 horas



- **Licencias, aperturas e inspeccións: 111**
- **Seguridade en materia de protección e prevención contra incendios: 8**
- **Hidrantes: 3**
- **Equipamentos: 18**
- **Planes de autoprotección: 63**

SIMULACROS.

A realización de simulacros ten como obxectivos a verificación e comprobación de:

- A eficacia da organización de resposta ante unha emerxencia.
- A capacitación do persoal adscrito á organización de resposta.
- O adestramento de todo o persoal da actividade na resposta fronte a unha emerxencia.
- A suficiencia e idoneidade dos medios e recursos asignados.
- A adecuación dos procedementos de actuación.


Estes simulacros pretenden a activación total ou parcial das accións contidas e expostas anteriormente, dentro deste apartado de Plan de Actuación en Emerxencias.

A realización dun simulacro permitirá verificar tanto a operatividade do plan de Autoprotección como detectar posibles deficiencias na súa implantación. Por iso resulta imprescindible realizar unha avaliación do mesmo, con obxecto de poder extraer conclusións prácticas que permitan á persoa titular da instalación mellorar os aspectos que mostrasen deficiencias.

Desde o departamento de prevención colaborouse na realización directa ou indirectamente (desde os rexistros telefónicos, observación e avaliación, ata directamente mediante intervención ou rescate). A participación do servizo nos simulacros estrutúrase da seguinte maneira:

- Centros docentes (escolas infantís, CEIPs, centros de ESO, formación profesional, universidades, etc.).
- Industria (ámbito do sector químico, transportes, normativa seveso, etc.).
- Centros de pública concorrencia (hoteis, centros comerciais, etc.).
- Centros administrativos (edificios públicos, oficinas, etc.).
- Outros (de ámbito moi variado como: Hospitais, comercio, vivenda, etc.).


Requerimientos	Unidades	Horas
Centros docentes	33	
Industria:	9	
Centros comerciales:	3	
Centros administrativos:	10	
Hospitalario:	1	
Residencial Público	3	
Publica Concorrencia	4	
TOTAL	63	225



COMPARATIVA COS ANOS ANTERIORES


	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
ACIVIDADES	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades
Docencia	39	21	3	29	26	35	59
Reténs de seguridade	123	125	43	66	121	133	135
Simulacros	43	33	21	35	35	71	63
Visitas escolares	130	110			50	51	72
Informes técnicos	157	81	49	86	103	130	203
Plans e proxectos	9	0	5	18	5	6	6
Total	501	370	121	234	340	426	538

Atendendo ao nº de actividades



	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022	2.023	2.024
ACIVIDADES	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas
Docencia	157	85	15	347	347	395	660
Reténs de seguridade	2.552	2.421	489	987	2.608	2.687	2.921
Simulacros	108	66	79	99	182	250	225
Visitas escolares	374	312			200	204	288
Informes técnicos	894	486	294	516	618	750	1.015
Plans e proxectos	1.376	0	904	368	400	500	1.300
Total	5.461	3.370	1.781	2.317	4.355	4.786	6.409

Atendendo ao nº de horas dedicadas



REVISION DE HIDRANTES

No ano 2024 continuamos destinando 3 horas diarias para una revisión de hidrantes, en horario de 10:00 a 13:00, saíndo a ditas revisións unha semana de cada mes.

Hai que ter en conta que, como en anos anteriores, en algunhas ocasións non se puido completar el horario previsto para una revisión, debendo regresar o persoal ao parque, principalmente por emerxencias que en principio requirían da súa presenza na base.

No ano 2024, o obxectivo proposto foi realizar una única revisión de cada hidrante, debido a que a experiencia desde que asumimos esta labor demostra que as variacións entre revisións son insignificantes. Ademais, todos as quendas realizaron unha revisión en todos os distritos varias veces, o que permitiu un maior coñecemento da situación dos hidrantes da cidade por parte dos bombeiros.

En canto ás deficiencias atopadas nas revisións periódicas dos hidrantes, na súa maioría coinciden coas de anos anteriores, referíndose a falta de tapas nos hidrantes aéreos e nas arquetas, a falta de drenaxe ou a acumulación de terra, especialmente nas zonas axardinadas.

Cabe destacar que cada año atopamos menos lixo dentro de dos hidrantes aéreos aos que les faltan como tapas.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, debemos agradecer aos departamentos de urbanismo e infraestruturas a boa comunicación cos bombeiros á hora de informarnos sobre futuras obras que poidan afectar os hidrantes ou de consultar a necesidade de novos hidrantes en zonas onde se van realizar novas obras.

Tamén debemos agradecer a colaboración de EMALCSA co servizo de bombeiros ea boa comunicación, informándonos dos hidrantes nos que hai que pechar as acometidas, ben por problemas do propio hidrante ou por obras nas tubaxes de auga que poidan afectalos. Tamén hai que mencionar a rapidez coa que acoden á nosa chamada cando temos un problema coa válvula de peche dalgún hidrante e teñen que intervir sobre acometida para evitar a perda de auga.

Os hidrantes da cidade están repartidos en 10 distritos que se asignan aos diferentes quendas de maneira rotativa, polo que cada dos anos e medio, cada quenda revisou todos os hidrantes de cada distrito da cidade. Así conseguimos que todos os bombeiros coñezan a situación e características de un gran número de hidrantes, facilitando o traballo en caso de ter que utilizalos nunha intervención.

Como revisións repartíronse por quendas do seguinte xeito:

- Na quenda A saíron 18 bombeiros, que necesitaron 27 horas.
- Na quenda B saíron 14 bombeiros, que necesitaron 21 horas.
- Na quenda C saíron 16 bombeiros, que necesitaron 24 horas.
- Na quenda D saíron 18 bombeiros, que necesitaron 27 horas.
- Na quenda E saíron 20 bombeiros, que necesitaron 30 horas.

As revisións realizadas en cada distrito foron as seguintes:

- Distrito 1 : Realizáronse 5 saídas para revisar 70 hidrantes cunha media de 14 hidrantes por día.
- Distrito 2 : Realizáronse 4 saídas para revisar 50 hidrantes cunha media de 12,5 hidrantes por día.
- Distrito 3 : Realizáronse 4 saídas para revisar 45 hidrantes cunha media de 15 hidrantes por día.
- Distrito 4 : Realizáronse 3 saídas para revisar 47 hidrantes cunha media de 11,25 hidrantes por día.
- Distrito 5 : Realizáronse 5 saídas para revisar 88 hidrantes cunha media de 14,6 hidrantes por día.
- Distrito 6 : Realizáronse 2 saídas para revisar 25 hidrantes cunha media de 12,5 hidrantes por día.
- Distrito 7 : Realizáronse 9 saídas para revisar 120 hidrantes cunha media de 13,3 hidrantes por día.
- Distrito 8 : Realizáronse 3 saídas para revisar 31 hidrantes cunha media de 10,3 hidrantes por día.

- Distrito 9 : Realizáronse 2 saídas para revisar 24 hidrantes cunha media de 12 hidrantes por día.
- Distrito 10 : Realizáronse 4 saídas para revisar 54 hidrantes cunha media de 13,5 hidrantes por día.


No ano 2024 realizáronse un total de 39 saídas para revisar 554 hidrantes , cunha media de 14,2 hidrantes por día .

El total de persoal utilizado foi de 51 bombeiros , que necesitaron 222 horas .

Hai que engadir tamén que se necesitaron 50 horas para a comprobación e reparación de hidrantes marcados con anomalías nas datos de revisión. Estas tarefas foron realizadas polo responsábel da sección de hidrantes.




Nº de intervencions realizadas (1.914 en total)




COMPARATIVA DE INTERVENCIÓNS DO ANO 2024 CON RESPECTO A ANOS ANTERIORES


Intervencións realizadas	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017	2.018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Accidentes de tráfico / con atrapados	11	9	9	5	7	7	7	8	9	17	4	5	8	8
Accidentes de tráfico / comprobación													15	12
Actividade interna / Mantemento													13	21
Actividade interna / Práctica de Gra													87	92
Actividade preventiva / Comprobación accesos,	73	52	69	58	38	64	39	62	51	28	17	34	109	115
Actividade preventiva / preventivo eventos	56	77	88	79	85	82	80	101	162	43	58	144	106	109
Asistencia sanitaria												188	42	60
Asistencia técnica / apeos / apontoamento													5	3
Asistencia técnica / Apertura forzada	49	34	36	27	39	34	53	63	72	70	90	137	197	178
Asistencia técnica / árbores													30	8
Asistencia técnica / carteis / pancartas / sinais													34	37
Asistencia técnica / comprobación													13	30
Asistencia técnica / comprobación e retirada niños vespa asiática													137	44
Asistencia técnica / derrubamentos													7	9
Asistencia técnica / Limpeza de vía	260	198	182	208	149	177	221	179	157	151	172	150	179	174
Asistencia técnica / outros													98	108
Asistencia técnica / postes e cables													22	19
Asistencia técnica / retirada obstáculos													12	16
Asistencia técnica / Saneamento fachadas e tellados	163	226	261	146	194	278	241	388	196	245	266	246	185	
Auga / anegamentos	24	17	57	28	24	39	35	69	32	47	29	29	41	28
Gas / tecnolóxicos	42	30	50	40	39	60	57	38	58	52	56	60	52	72
Incendios industriais	7	5	4	4	6	5	5	11	1	6	4	6	13	6
Incendios forestais	96	57	58	27	53	22	43	31	40	28	18	43	26	24
Incendios urbanos	248	290	311	214	225	247	229	262	269	146	223	252	173	374
Incendios vehículos	49	27	36	24	25	17	21	27	25	22	37	29	35	32
Incendios varios	79	76	44	40	29	31	50	39	48	91	45	40	66	62
Outros	121	158	205	150	147	312	427	393	473	454	387	383	6	5
Salvamento / Rescate	76	71	76	101	95	87	123	105	113	131	301	88	97	83
Desconexión de alarmas	6	13	11	19	18	12	15	9	13	16	11	13		
Falsas alarmas	36	35	23	31	33	34	32	11	10	6	24	56	32	
Total	1.233	1.312	1.485	1.316	1.158	1.424	1.715	1.649	1.921	1.504	1.721	1.923	1.901	1.914

ANO / Nº INTERVENCIONS






Nº Intervencións por día da semana



Nº de intervencións por mes



Intervencións por concellos.

MUNICIPIO	INTERVENCIONS
A Coruña	1910
Cambre	2
Culleredo	2

MEDIOS MATERIAIS

VEHICULOS DE ALTURA		
A B E 51	Bronto- Scania F 45 XR 45 metros	0351 KGB
A E A 55	Mercedes Rlffaud 20 metros	8572 KVS
A E A 53	IVECO Magirus 30 metros	8467 FBY
A E A 54	IVECO Magirus 30 metros	4376 JBM
BOMBAS		
B U L 11	Incipresa Mercedes 1.000 litros	C 3991 CC
B U L 12	Mercedes Sprinter 1.000 litros	2086 GPD
B U L 13	Mercedes Rosembauer 1500 litros	1883 - KXG
B U P 22	Mercedes Benz 3.500 litros	3562 FVY
B N P 32	Mercedes Benz 8.000 litros	8547 GSJ
B N P 33	Iveco Stralis 6x2 12.000 litros	4878 HZW
B F P 41	Mercedes Benz Forestal 3.000 litros	5961 BSG
B F P 42	Mercedes Benz Forestal 3.000 litros	3236 GMC

VEHÍCULOS LIXEIROS		
U M J 01	Peugeot 3008	8430 JYG
U M J 02	Toyota RAV4	3364 MHK
U M J 03	Mercedes nova sarxentos	7342 KPF
U M J 04	Fiat Punto	5008 KHW
U M J 05	Seat Ibiza	9810 GMC
U M J 06	Nissan X-Trail	2529 CGS
U P C 07	Volkswagen Transporter	6587 FKC
U P C 08	Volkswagen Caddy	4134 HNT
U P C 09	Toyota pickup	2128 KHR
U P C 10	Fiat Doblo	5768 KHV
U P C 11	Fiat Ducato	4116 KHW
U T P 12	Autobus Iveco	4681 MLJ
U P C 13	Volkswagen cady	1192 KNX
U P C 14	Mercedes vito 8 plazas	5085 KZP

VEHÍCULOS VARIOS		
F S V 61	Incipresa Mercedes	C 0468 BF
A G L 62	IVECO Plataforma	0314 DTZ
V P C 63	Mercedes Benz 1836	0716 GMM
F U V 64	Mercedes Sprinter 4.4	7874 HSW
F R A 65	Mercedes Sprinter 4x4	4168 JBC
B L C 66	Mercedes Benz Atego1.000 litros	7172 GMH

CONTENEDORES		
C P M 80	Posto de Mando Avanzado	
C M P 81	Materias Perigosas	

REMOLQUES		
R E L 71	Remolque Escuma	
R M B 72	Remolque xerador	
R G E 75	Xerador Leston15 kvas	R 7937 BCC
R G E 76	Xerador Torre 30 kvas	R 4514 BCJ
R P R 78	Remolque de Prevención	R 7539 BCJ
R L G 79	Remolque Lancha G.R.A	R 4783 BCR
	Remolque Lancha neumática	R 1452 BDF
	Plataforma Elevadora HAULLOTE	

Outros medios materiais:

- 150 Extintores
- 50 Radioteléfonos
- 100 Mascaras equipos autónomos
- 76 Pulmo-automáticos equipos autónomos
- 52 Espaldeiras
- 150 Botellas aire comprimido
- 10 Botellas aire comprimido buceo
- 50 Lanternas antideflagrantes
- 4 Equipos excarceración
- 6 Motoserras
- 2 Bombas achique de gran caudal
- 6 Electro bombas
- 1 Equipo oxicorte
- 5 Medidores O2, gases explosivos, CO2 y H2
- 3 Ventiladores presión positiva
- 2 Equipos de corte por plasma
- 3 Cámaras de visión térmica
- 12 Xeradores de corrente
- 1 Rampa de carga de botellas e 2 compresores
- 7 Traxes mergullo

- 1 Pantalán
- 2 mantas para incendios vehículos eléctricos
- 1 Colchón salvamento suicidas

PRESUPOSTO DE GASTOS

Contas de gasto 2024		
Aplicación	Definición	Total
20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxe	1.500,00 €
21200	Reposicion e mantemento edificios e construccions	12.000,00 €
21300	Reposicion e mantemento de maquinaria, instalacións, etc	12.000,00 €
21400	Reposicion e mantemento de material de transporte	110.000,00 €
21500	Reposicion e mantemento mobiliario e enseres	200,00 €
22000	Ordinario non inventariable	100,00 €
22103	Combustibles e carburantes	29.000,00 €
22104	Vestuario	19.000,00 €
22106	Productos farmaceuticos	3.000,00 €
22110	Productos de limpeza e aseo	3.000,00 €
22111	Suministro repostos de maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	3.000,00 €
22199	Outros suministros	18.000,00 €
22500	Tributos estatais	2.500,00 €
22602	Publicidade	100,00 €
22610	Matriculacións, ITV e outros gastos parque móvil	3.000,00 €
22699	outros gastos diversos	1.000,00 €
22700	Limpeza	50.297,87 €
22799	Traballos realizados por outras empresas	55.000,00 €
	Total	322.697,87 €

Contas de inversión 2024		
Aplicación	Definición	Total
62300	Nova maquinaria, instalacións e utillaxe	165.555,56 €
62400	Novo material de transporte	785.000,00 €
63200	Inversion reposicion edificios e outras construccions	105.000,00 €
	Total	1.055.555,56 €

PLANTILLA DE PERSOAL DESDE O ANO 1927


ANO	BOMBEIROS	CABOS	SARXENTOS	SUBOFICIAL	OFICIAL	XEFE	TOTAL
1927	12						12
1930	18	1					19
1940	18	1					19
1950	18	1					19
1960	20	1					21
1970	30	1					31
1980	46	4	1				51
1985	50	5	0	1			56
1990	80	4	1	0	1		86
1995	75	7	4	1	1		88
2000	79	5	5	1	1		91
2001	75	5	5	1	1	1	88
2002	70	8	5	2	1	1	87
2003	76	8	5	2	1	1	93
2004	84	7	6	2	1	1	101
2005	82	7	6	2	1	1	99
2006	91	7	5	2	1	1	107
2007	86	11	5	2	1	1	106
2008	86	11	5	2	1	1	106
2009	86	9	6	2	1	1	105
2010	80	11	6	2	1	1	101
2011	76	11	6	2	1	1	97
2012	78	10	6	2	1	1	98
2013	75	9	6	2	1		93
2014	79	9	5	2	1		93
2015	78	9	5	2			94
2016	82	7	6	4			99
2017	81	7	6	3			97
2018	72	14	6	3			95
2019	80	14	6	3			103
2020	80	14	6	2			102
2021	80	14	6	2			102
2022	78	14	6	2			100
2023	77	12	6	1	1		97
2024	77	10	6	1	1		95

CADRO DO PERSOAL SEGÚN IDADES

De 30 a 35	3
De 36 a 40	5
De 41 a 45	16
De 46 a 50	28
De 51 a 55	24
Mas de 56	19

Idade media 50 anos


O 14 de marzo de 2009 aprobouse o R.D. 383 polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, o que permitiu reducir a idade do persoal




Referido a 31 de decembro de 2024

VÍTIMAS RESCATADAS EN EMERXENCIAS

Incendios urbanos	36
Accidente circulación	14
Rescate acuático	4
Otros siniestros	84
Axudas e asistencia sanitarias	19
Total vítimas rescatadas	157






Gravidade das vítimas



Fenómenos meteorolóxicos adversos (FMA)

Os FMA son cada ano máis influentes nas nosas intervencións. O 2024 comezou cunha serie de borrascas que nos deixaron varios días por enriba das 20 intervencións.

De xaneiro a maio e de outubro a decembro, rangos que non coñecíamos e que deixou centos de intervencións causadas especialmente polo vento e a chuva.



Dende mediados de abril, unha folga encuberta que finalmente se coñecería como “conflito das basuras”, probocou ducias de intervencións que nos fixo estar ao límite durante moitos días.

Varios lumes no mobiliario urbano e en varias zonas da cidade ao mesmo tempo, deixou ao servizo practicamente agotado de forzas durante moitas noites do ano.



"Dana" de Valencia

A finais de outubro, unha catástrofe na comunidade valenciana, fai que o servizo se mobilice para axudar no rescate e localización de vítimas, así como na restauración da normalidade na zona.

O persoal que asistiu á zona da catástrofe non olvidará o que ali se viviu e quedou gratamente sorprendido da solidariedade de todo o pobo español.

BomberosCoruña @bomberoscoruna · 4/11/2024 **Patrocinar** x

#Coruña | Un equipo de 12 persoas parte cara #Valencia, baixo a coordinación do @112Galicia para traballar nas zonas afectadas pola #Dana e baixo as ordes do mando único da comunidade valenciana.



Concello da Coruña @ConcelloCoruña · 4/11/2024

O Concello da Coruña envía bombeiros, vehículos e recursos materiais a Valencia para apoiar na resposta á DANA

Toda a información, aquí: lga/52Qn



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 4/11/2024 **Patrocinar** x

#Valencia | Día moi intenso na Rambla de Pelayo #Catarroja #Albal

Retirada de vehículos e labores de inspección e búsqueda. Coordinación co resto de interventores e reunión posterior para traballos próximos. #Dana

Seguimos...



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 6/11/2024 **Patrocinar** x

#Valencia | Un novo equipo saíu hoxe ás 8.30 horas para darlle o relevo aos compañeiros que traballan incansables no operativo #Dana

Son conscientes do que hai e do que queda por facer.

Van coas cargas e darán todo para ir achegándose pouco a pouco á normalidade. #Coruña



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 7/11/2024

#Valencia | Imaxes de onte. @bomberoscoruna traballando codo con codo con outras entidades públicas, retirando vehículos da rúa de Pelayo.

Coordinación e cooperación entre entidades e grupos de traballo.

#Dana

@EjercitoAire

Ministerio Defensa @Defensagob · 6/11/2024

El Segundo Escuadrón de Apoyo al Despliegue Aéreo #SEADA del @EjercitoAire se dedica, 24/7, a retirar vehículos averiados en la calle de Pelayo de Catarroja, a auxiliar a los vecinos y a aplanar descampados para seguir acumulando escombros.



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 11/11/2024 **Patrocinar** x

#Valencia | Seguimos en Palporta realizando traballos varios.

Agradecimentos ao veciño que nos cedeu maquinaria pesada para realizar os traballos de forma máis rápida #Dana

#Coruña



Concello da Coruña @ConcelloCoruña · 15/11/2024

A alcaldesa recibe aos bombeiros coruñeses que axudaron en Valencia a facer fronte aos efectos da DANA.

O Concello mobilizou dúas quendas de voluntarios con 12 e 13 persoas xunto con cinco vehículos especializados para axudar no dispositivo.

A info: lga/3eXV



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 12/11/2024 **Patrocinar** x

#Dana | Tras unha dura xornada de traballo en Albal #Valencia, as nosas dotacións desprotegidas marchan a descansar. Mañá seguirán contribuíndo en traer canto antes a normalidade á zona afectada pola #Dana



BomberosCoruña @bomberoscoruna · 11/11/2024 **Patrocinar** x

#Valencia | Os últimos compoñentes da expedición do operativo #Dana xa están de regreso na #Coruña

Agradecemos a disposición voluntaria e o bo traballo desempeñado en Valencia.

A xente valenciana

Desexamosvos unha pronta volta á normalidade e acompañámosvos na vosa dor.



112 Galicia e Concello da Coruña

Incendios de consideración (1/2)

O 7 de xaneiro, un incendio na rúa Barcelona activa a toda a quenda de traballo, trátase dun bazar chino (**Chino Antonio**). A dificultade para entrar no sótano, provoca que teñamos que activar a máis persoal durante a intervención e deixar un retén no lugar durante toda a noite.

O 12 de xaneiro, un lume que rompe por fachada na **rúa Vales Villamarín**, provoca moita expectación no barrio dos Castros.



Incendios de consideración (2/2)

O 1 de marzo, na **rúa Traba**, no barrio dos Mallos, unha intensa fumareda activa a todos os servizos de emerxencia e seguridade.

Rolda de Nelle, 120. Durante todo o ano se produciron varias intervencións neste inmoble, mais o 17 de xuño a chamada na central presaxiaba que podía ser algo grave. Afortunadamente foron danos materiais.



O encontro serviu para poñer en común as últimas novas en protocolos e seguridade, así como a presentación de diverso material de empresas do sector.

